

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Expediente: *Concesión de terreos para a instalación de quioscos temporais na Carballeira do Peirao e en Aranza, tempada 2019.*

Asunto: *Adxudicación*

ANTECEDENTES

1º) Con data 31 de xaneiro de 2019 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o Prego de Cláusula Administrativas particulares para a adxudicación da concesión do uso privativo de terreos de uso público para a instalación de un quiosco temporal no lugar da Carballeira de O Peirao (Arcade) e outro en Aranza, convocar o procedemento aberto e anunciar a licitación no BOP.

2º) Con data 8 de febreiro de 2019 publicouse no BOP de Pontevedra, nº 28, anuncio da convocatoria do procedemento aberto referido.

3º) Constan no expediente cinco proposicións presentadas para o uso do terreo en O Peirao (RE núms. 231, 260, 261, 262 e 265) e ningunha proposición para o uso de terreo en Aranza

4º) Con data 20 de febreiro de 2019 a Mesa de Contratación procedeu á apertura dos "Sobres A" presentados polas licitadoras, sendo as mesmas correctas.

5º) Con data 21 de febreiro de 2019, a Mesa de Contratación procedeu á apertura dos "Sobres B" en acto público, propoñendo a adxudicación do terreo para instalación de quioscos en:

- "Carballeira de O Peirao" a favor de D.ª Estefanía Gómez Vilán, por ser a oferta máis vantaxosa.
- "Aranza" declarado deserto por non presentarse ningún/ha licitador/a.

A vista dos antecedentes expostos e da lexislación aplicable, polo presente **RESOLVO**:

1º.- Declarar válida a licitación e adxudicar a D.ª ESTEFANÍA GÓMEZ VILÁN a concesión de terreo na "Carballeira de O Peirao" para a instalación de un quiosco temporal, de acordo coas seguintes prescricións:

- a) As características das instalacións son as establecidas no Prego de cláusulas.
- b) A autorización outorgase pola tempada estival, comprendida entre os días 1 de marzo e 31 de outubro de 2019.
- c) O prezo de licitación a abonar pola adxudicataria é de: 12.500 €.

2º.- Declarar deserto a concesión de terreo en "Aranza" para a instalación de un quiosco temporal,

3º.- Notificar á adxudicataria e requirir-lles para que, no prazo de **8 días**, presente a documentación establecida nas Cláusulas nº 10 e 12 do Prego que son as seguintes:

- Xustificante de alta no IAE e Seguridade Social
- Acreditación de ter constituído a fianza definitiva (5% do prezo de adxudicación)
- Acreditación de cobertura dos posibles danos a terceiros mediante presentación dunha póliza de responsabilidade civil.



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

O ALCALDE ,

Ante min, A SECRETARIA,

Documento asinado dixitalmente á marxe.